

**AUTORIZACIÓN ELEMENTOS AUXILIARES DE OBRA: GUINDASTRE AUTOCARGANTE**

|                                                                        |           |                              |          |           |
|------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------------------|----------|-----------|
| <b>Solicitante</b>                                                     |           |                              |          |           |
| DNI-NIF/NIE                                                            |           | Nome e apelidos/Razón social |          |           |
| Correo electrónico                                                     |           |                              | Teléfono |           |
| <b>Representante</b>                                                   |           |                              |          |           |
| DNI-NIF/NIE                                                            |           | Nome e apelidos              |          | Teléfono  |
| <b>Medio de notificación</b>                                           |           |                              |          |           |
| <input type="checkbox"/> Por correo postal                             |           |                              |          |           |
| Rúa/....                                                               |           |                              | Núm.     | Escaleira |
|                                                                        |           |                              | Planta   | Porta     |
| CP                                                                     | Municipio | Provincia                    |          | País      |
| <input type="checkbox"/> Por medios electrónicos                       |           |                              |          |           |
| Correo electrónico (no caso de que se actúe a través de representante) |           |                              |          |           |

|                                                                                                        |           |                                                                                  |          |                                                       |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|----------------------------------------------------------------------------------|----------|-------------------------------------------------------|
| <b>Empresa titular do elemento auxiliar</b>                                                            |           |                                                                                  |          |                                                       |
| NIF                                                                                                    |           | Nome                                                                             |          |                                                       |
| Rúa/....                                                                                               |           |                                                                                  | Núm.     | Escaleira                                             |
|                                                                                                        |           |                                                                                  | Andar    | Porta                                                 |
| CP                                                                                                     | Municipio | Provincia                                                                        |          | País                                                  |
| Correo electrónico                                                                                     |           |                                                                                  | Teléfono |                                                       |
| <b>Datos da ocupación</b>                                                                              |           |                                                                                  |          |                                                       |
| Rúa/....                                                                                               |           |                                                                                  | Núm.     | Escaleira                                             |
|                                                                                                        |           |                                                                                  | Planta   | Porta                                                 |
| Barrio                                                                                                 |           |                                                                                  | CP       |                                                       |
| Superficie (m2)                                                                                        |           | Data inicio                                                                      | Data fin | Período (número de días)                              |
| Tipo de superficie a ocupar (sinalar as que correspondan segundo a proposta de implantación a incluír) |           |                                                                                  |          |                                                       |
| <input type="checkbox"/> Ocupación da beirarrúa                                                        |           | <input type="checkbox"/> Ocupación banda aparcamento                             |          | <input type="checkbox"/> Ocupación carril circulación |
| <input type="checkbox"/> Corte de carril                                                               |           | <input type="checkbox"/> Corte da rúa                                            |          | <input type="checkbox"/> Outras: _____                |
| Xustificación da necesidade da ocupación (sinalar a que proceda)                                       |           |                                                                                  |          |                                                       |
| <input type="checkbox"/> Licenza de obra nº: _____                                                     |           | <input type="checkbox"/> Comunicación previa nº rexistro entrada: _____ de _____ |          |                                                       |
| <input type="checkbox"/> Orde execución nº: _____                                                      |           | <input type="checkbox"/> Outra xustificación: _____                              |          |                                                       |

|                                                                                                                                                                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Documentación</b>                                                                                                                                                                                                                             |
| <b>A achegar polo interesado:</b>                                                                                                                                                                                                                |
| <input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do solicitante                                                                                                                                                                                              |
| <input type="checkbox"/> DNI-NIF/NIE do representante, se procede                                                                                                                                                                                |
| <input type="checkbox"/> Acreditación da representación, se procede (marcar no Anexo 1 os documentos achegados)                                                                                                                                  |
| <input type="checkbox"/> Xustificación da necesidade de ocupación achegando, se é o caso, a fotocopia da licenza de obra, a orde de execución, a comunicación previa de obras presentada no Concello ou outras causas que motiven a instalación. |
| <input type="checkbox"/> Plano de situación.                                                                                                                                                                                                     |
| <input type="checkbox"/> Plano de planta acoutado da situación do elemento auxiliar.                                                                                                                                                             |
| <input type="checkbox"/> Copia do xustificante do ingreso das taxas municipais pola ocupación e que deberá realizar previamente á presentación desta solicitude.                                                                                 |
| <input type="checkbox"/> Declaración responsable do compromiso de asunción e reposición de danos, segundo o modelo oficial (Anexo 2).                                                                                                            |
| <input type="checkbox"/> Declaración responsable instalar un guindastre autocargante na vía pública (Anexo 3).                                                                                                                                   |
| <b>NOTA:</b> O concello, de consideralo necesario, poderá requirir calquera outra documentación complementaria                                                                                                                                   |

|                                                                                                                                                                                                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> <b>PRESTO O MEU CONSENTIMENTO</b> para a reutilización polo Concello dos documentos achegados                                                                             |
| <input type="checkbox"/> <b>NON PRESTO O MEU CONSENTIMENTO</b> para que os datos ou documentos necesarios para o trámite desta solicitude sexan obtidos mediante consulta a outras administracións |

Data da solicitude,

Sinatura

### ANEXO 1: DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA REPRESENTACIÓN

*En todos os casos é preciso achegar o DNI-NIF/NIE da persoa representada e da representante*

**Para a representación de persoas físicas maiores de idade (sinale o que corresponda)**

- Poder notarial
- Apoderamento outorgado mediante comparecencia
- Outros documentos legais de representación maiores de idade

**Para a representación de persoas con discapacidade (sinale o que corresponda)**

- Resolución xudicial
- Declaración de gardador de feito<sup>1</sup>

**Para a representación de persoas xurídicas (sinale o que corresponda)**

- Escritura pública
- Poder notarial

**Para a representación de herdanzas xacentes, comunidades de bens ou outras entidades sen personalidade xurídica (sinale o que corresponda)**

- Escritura pública
- Poder notarial

**En caso de representación de persoas menores de idade (sinale o que corresponda)**

- Libro de familia
- Resolución xudicial ou administrativa
- Outros documentos legais de representación

(1) Poden presentar solicitudes en nome da persoa con discapacidade

**ANEXO 2: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ASUNCIÓN DE RESPONSABILIDADE POR DANOS**

D./Dna. \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ en nome propio ou en representación de \_\_\_\_\_, declara **BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE** que:

Por ter solicitado ante o Concello de Santiago de Compostela autorización para ocupación da vía pública en: \_\_\_\_\_ con (elemento auxiliar) \_\_\_\_\_, **asume a obriga** de reposición ou arranxo, afeccións ou mantemento do ornato de bens ou servizos municipais ou a limpeza da vía pública; así como os que puideran causarse a terceiros e demais gastos que puidesen ocasionarse pola ocupación solicitada.

Data da declaración,

O/A declarante,  
Asdo.:

### ANEXO 3: DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A INSTALACIÓN DE GUINDASTRE AUTOCARGANTE (CAMIÓN-GUINDASTRE) NA VÍA PÚBLICA

A persoa declarante subscribe o presente documento con carácter de **DECLARACIÓN RESPONSABLE**, manifestando baixo a súa responsabilidade ser certos os datos que se consignan e que cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente de aplicación.

D./Dna. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_, declara que:

1. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 08/11/2012) e na Ordenanza Xeral de Circulación e Uso da Vía Pública (BOP de 22/05/2006).
2. O guindastre autocargante que pretende instalar na rúa \_\_\_\_\_, cumpre as disposicións e requisitos establecidos no Real Decreto 1644/2008, de 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas, modificado polo Real Decreto 494/2012, de 9 de marzo e no Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, modificado polo Real Decreto 2177/2004, de 12 de novembro, e:
  - Dispón de marcados "CE" e declaracións "CE" de conformidade do guindastre e do conxunto do montaxe da máquina ou, no seu caso, de declaración de adecuación ao disposto no Real Decreto 1215/1997 expedida por un organismo de control autorizado (OCA), manual de mantemento e manual de instrucións de uso (incluíndo suplementos derivados do montaxe).
  - Que o equipo foi sometido aos controles periódicos prescritos pola normativa vixente, mediante un mantemento adecuado para así conservar as mesmas condicións de seguridade que na súa primeira posta en servizo (artigo 3 do Real Decreto 1215/1997).
  - Atópase debidamente homologado e axustase a normativa de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais, as ordenanzas de construción, ao convenio colectivo de aplicación e demais normas de obrigado cumprimento.
  - Dispón do permiso de circulación do vehículo e da tarxeta ITV en vigor e pagouse o último recibo do imposto de circulación e seguro obrigatorio.
  - Que a utilización do guindastre limitarase exclusivamente a carga e descarga do vehículo e as tarefas especificadas no manual de uso do fabricante e impedirase a utilización para usos non autorizados.
  - O/A operador/a D./Dna. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, designado/a para as operacións de conducción, montaxe e manexo do guindastre, está debidamente autorizado/a, conta co correspondente permiso de conducción da categoría adecuada e está cualificado/a, posuíndo a formación preventiva necesaria para tal fin, de conformidade co Real Decreto 1215/1997.
3. Designa a D./Dna. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, como recurso preventivo responsable da actividade do guindastre autocargante, de acordo co artigo 32bis "Presenza dos recursos preventivos" da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
4. Está en posesión do recibo en vigor dun seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura de danos persoais ou materiais a terceiros que puideran ocasionarse durante o período de instalación do elemento auxiliar de obra.

En Santiago de Compostela, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

O/A declarante,

O/A operador/a do guindastre,

O recurso preventivo,